



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Expediente núm.: 377/2018

Procedemento: Adxudicación contrato servizos "Redacción Plan de Mobilidade"

Asunto: Aprobación expediente e Pliegos

Data de iniciación: 20-07-2018

Documento asinado por: O Alcalde, a Secretaria-Interventora

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

Documento	Data/Núm	Observacións
Acordo XGL da Deputación de Pontevedra de concesión de subvención Plan Mobilidade Sustentable	20-04-18 (RE n.º 934/18)	Importe máximo 15.000 €
Memoria xustificativa	30-07-18	Alcaldía
Informe non lotes	05-07-18	Ingeniería Lagares Oca
Informe medios persoal necesarios	05-07-18	Ingeniería Lagares Oca
Informe insuficiencia de medios	31-07-18	Secretaría
Informe de Intervención	30-07-18	
Informe Secretaría	01-08-18	
Resolución Alcaldía Inicio expediente	01-08-18	
Pregos de Cláusulas administrativas e técnicas	01-08-18	
Retención de crédito	01-08-18	

CARACTERÍSTICAS do contrato que se pretende adxudicar:

Contratación Servizos Redacción Plan de Mobilidade

Procedemento: Aberto Simplificado		Tramitación: Ordinaria	Tipo de contrato: Servizos
Clasificación CPV: 71311200-3	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación: 16.524,40		Impostos: 3.470,12	Total: 19.994,52
Valor estimado do contrato: 16.524,40		Impostos: 3.470,12	Total: 19.994,52
Data de inicio execución: 01/10/2018	Data fin execución: 30/04/2019	Duración execución: 6 meses	Duración máxima: 6 meses
Garantía provisional: Non		Garantía definitiva: Sí (5% importe adxudicación)	Garantía complementaria: Non

Á vista das características e do importe do contrato óptase pola adxudicación mediante procedemento aberto simplificado.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para o servizo Contratación servizos redacción Plan de Mobilidade, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente:

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe
2018	151.627	19.994,52 €

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Prestar aprobación á non división en lotes do obxecto do contrato e ao informe de insuficiencia de medios persoais de data 31 de xullo de 2018, en base aos argumentos expostos no Informe referido.

QUINTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SETIMO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

—D. Agustin Reguera Ocampo, Alcalde do Concello, que actuará como Presidente da Mesa.

— D^a Margarita Mariño Pérez, Vogal (Secretaria-Interventora da Corporación).

— D^a Elena Reboredo Fernández, Vogal (Secretaria-Interventora Adxunta da Corporación).

— D^a Patricia Bouzón Rodríguez, funcionaria do Concello, que actuará como Secretaria da Mesa.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



CONCELLO DE SOUTOMAIOR